



**PROTOCOLO REAPERTURA INSTALACIÓNS CULTURAIS
CONCELLO DE NEGREIRA 2020
POSCOVID-19**

INTRODUCCIÓN

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (severe acute respiratory syndrome coronavirus 2), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China.

Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo. En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario.

Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo procedeuse á declaración do Estado de Alarma en España que posteriormente, prorrogouse en cinco ocasións. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

Entre elas, para os centros educativos e instalacións culturais municipais, o 12 de marzo estableceuse a suspensión da actividade en todos os Concellos. Unha vez pasada a primeira onda epidémica é necesario recuperar a normalidade na actividade no ámbito infantoxuvenil coas necesarias precaucións de utilización de equipos de protección e distanciamento físico.

Por iso, durante esta etapa é necesario planificar o necesario axuste das medidas establecidas nas fases de contención. Dende a instauración do Estado de Alarma decretado polo Goberno central o pasado 14 de marzo, o sistema sanitario público galego por medio da Consellería de Sanidade desenvolveu as medidas necesarias para dar a suficiente seguridade á cidadanía de vixilancia epidemiolóxica, prevención, detección e control de todos os procesos relacionados coa Covid19. Desta forma, a creación dos equipos Covid-19 nos hospitais, o establecemento dun circuíto en que calquera persoa de Galicia con síntomas de sospeita de Covid19 poderá realizar en menos de 24 horas un test diagnóstico solicitado polo seu centro de atención primaria ou a creación do Centro de Seguimento de Contactos que se encargará da identificación dos contactos próximos e realizará o seu

seguimento, dan á poboación galega unha rede sanitaria sólida que permite cumprir coas garantías necesarias para o inicio das actividades cotiás, como neste caso é o ámbito infantoxuvenil.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, que está sendo avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica. Esta adaptación á nova realidade supón a asunción de que non existe unha garantía de cero contaxios, unha vez que continúa unha importante circulación do virus no mundo. Ante este escenario, faise necesario a reactivación das actividades cotiás da sociedade galega, e unha das fundamentais é a educativa.

O obxectivo destes próximos meses é o de aprender e interiorizar as actuacións hixiénicas de distanciamento físico a que nos vai a obrigar a convivencia con esta situación de pandemia. O confinamento e o illamento social son medidas extremas que deben ser utilizadas durante un tempo determinado. Estas medidas, implantadas durante o primeiro brote da pandemia, serán substituídas por medidas de prevención da transmisión do virus, como a hixiene das mans, o distanciamento físico e a utilización de máscaras en todas as actividades cotiás. Unha vez que estas medidas sexan parte da nosa nova realidade durante os próximos anos e aprendidas polo conxunto da sociedade, non existe ningunha xustificación dende o punto de vista sanitario que impida o inicio da actividade cultural cando polas respectivas autoridades e direccións competentes se considere oportuno. Este documento da as claves e establece os procedementos para cumprir coas necesarias medidas preventivas da transmisión do coronavirus.

REQUISITOS XERAIS PARA AS ENTIDADES E PERSOAS USUARIAS

- Presentación da solicitude segundo o modelo oficial na Delegación de Cultura e Deportes e autorización por parte do departamento de Cultura do Concello de Negreira. Deberase facer de xeito telemático pola sede electrónica ou presencial se non fora posible pola vía electrónica.
- Os Monitores das Escolas Culturais serán os responsables da coordinación das medidas de prevención e control do COVID-19 que se establecen nos protocolos e normativas correspondentes. E que se encargará de realizar o rexistro do control da temperatura dos/as participantes.
- Permitirase a práctica de actividades culturais de forma individual ou colectiva, seguindo os protocolos de aforo e ratios establecidos.
- Nas instalacións culturais poderase realizar actividades en grupos de ata 10 persoas e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
- As persoas usuarias irán provistas de máscara (obrigatorio) e non poderán retirar a máscara só naquelas actividades imprescindibles.
- Utilizarase a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns das instalacións.
- Deberase limpar as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar e ao saír do recinto.
- Os/as monitores/as e acompañantes autorizados estarán suxeitos ás mesmas obrigacións ca os/as alumnos.
- Deberase facer un control estrito do acceso ás instalacións, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas, para poder controlar o aforamento que se determine.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Non se poderá compartir alimentos nin bebidas.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

XERAIS

- Manterase sempre a distancia mínima interpersonal con todas as persoas usuarias, de 1,5 m por 1,5 m.

- A forma máis importante de previr a enfermidade é o lavado de mans con auga e xabón a fondo e con frecuencia.
- É obrigatorio o uso de máscara na instalación.
- Practicarase a hixiene respiratoria (esbirrar ou tusir contra o brazo co cóbado flexionado, uso de panos de papel e a súa eliminación tirándoo a bolsa ou cubo de lixo).
- Evitarase o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Tomarase e rexistrarse a temperatura á entrada da actividade.

MATERIAL DISPOÑIBLE NAS INSTALACIÓNS

- Xel hidroalcolico
- Xabón de mans
- Papel desbotable

ACTUACIÓN SE HOUBESE SÍNTOMAS

- Se algunha persoa usuaria presenta síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, debe chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda) e seguir as instrucións das autoridades sanitarias.
- O COVID-19 é unha enfermidade que se debe declarar obrigatoriamente ás autoridades sanitarias. Se ten algunha dúbida ou sospeita, pode consultar a información facilitada polo servizo de saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>
- No caso de detección dun positivo no grupo de alumnos, ou persoal docente deberán comunicalo de forma inmediata ás autoridades sanitarias e informar ao Concello de Negreira por se fose necesario a adopción dalgunha medida excepcional.

INSTALACIONES E MATERIAL

- Limpeza e desinfección profunda das instalacións e equipamentos previa á reapertura mediante persoal especializado e con produtos homologados.

- Apertura de xanelas que faciliten a ventilación dos espazos (cando sexa posible).
- Instalación de información clara e concisa sobre as pautas de limpeza e as normas de comportamento, a través de carteis e sinalización de recursos distribuídos polos espazos, entrada, aseos e zonas principais de paso.
- Porase en coñecemento das persoas usuarias dos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas...) para garantir a súa seguridade.
- Despois do uso de cada quenda procederase á limpeza das zonas e elementos comúns (pomos, chans, bancos...)
- A circulación dentro do recinto farase empregando máscara (obligatorio).
- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.
- Cubrirase unha folla de rexistro cando se solicite unha aula no que deberán especificar: hora, espazo utilizado e incidencias xurdidas.
- Evitarase tocar portas e resto dos equipamentos da instalación na medida do posible (manteranse as portas aberta con este fin).
- O uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas, deberán depositarse nas papeleiras.
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizarase panos de un só uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.

ESPAZOS CULTURAIS

- Capacitación do personal docente e administrativo no coñecemento estricto do presente protocolo, previo a súa reapertura.
- Realización de limpeza frecuente das zonas ás que acceda o público e o personal. Débese formular un procedemento de limpeza que contemple: produtos, encargado, frecuencia, metodoloxía e rexistro de horarios de limpeza e desinfección.
- Mantemento e cambio, de ser necesario, dos filtros dos sistemas de calefacción, ventilación e aire acondicionado. Si estos sistemas non están instalados, considerar outro tipo de ventilación regular e controlada para as salas, áreas administrativas e espazos de circulación do público.

- Recomendación as persoas pertencentes á poboación de risco de non asistir as instalacións, según as indicacións documentadas polo Ministerio de Saúde Pública.
- Todas as áreas de circulación e permanencia de persoas deben ser hixienizadas de forma habitual. A hixiene dos baños farase cunha cadencia acorde co número de visitantes.
- Uso obligatorio de mascarilla facial dentro dos espazos, para todas as persoas que acuden e circulan polas instalacións. Colocarase carteis indicando este requisito. De ser necesario, recoméndase incorporar marcas de sinalética .
- Tomarase a temperatura no ingreso dos Auditorios e as distintas aulas da Casa de Cultura. A medición de temperatura debe acompañarse dun procedemento para a súa correcta implementación que explicita quen/es serán as persoas responsables de implementar a medida e cómo proceder ante resultados alterados. Para autorizar o acceso, a temperatura rexistrada no poderá ser superior os 37°C. O usuarios que presentan síntomas da enfermidade no poderán ingresar.
- Instalación de dispensadores de alcohol en gel para utilizar previo al ingreso os Auditorios e aulas culturais.
- Manter as mans limpas e alonxadas da cara e absterse de tocar obxectos, mobiliario e cartelería presentes en salas, así como portas, picaportes, chaves de luz, etc.
- Controlarase e limitarase o acceso os auditorios e aulas, para asegurar ao máximo as disposicións de distanciamento físico, cun mínimo de 1,5 m de distancia entre individuos. O aforo no Auditorio do Centro Sociocultural e de 150 persoas e no Auditorio da Casa de Cultura e de 80 persoas
- En caso de que se necesite usar PCs ou outros equipo, serán hixienizados regularmente con desinfectantes.

O obxectivo deste protocolo é disfrutar da cultura e, o mesmo tempo, coidar os traballadores e visitantes. A continuidade ou interrupción dos servizos quedará suxeita á avaliación que realicen as autoridades da evolución dos contaxios da pandemia.

MATERIAL CULTURAL

As entidades que precisen utilizar algún material deberán de solicitalo previamente e precisarán da autorización correspondente. A utilización

realizarse baixo o compromiso e responsabilidade de bo uso e a súa desinfección por parte da entidade.

BAÑOS

- Os baños terán unha ocupación máxima dunha persoa, agás que esta precise acompañamento. Non se poderán utilizar para outro fin ca o propio, e polo tempo imprescindible.
- Desbotarán os panos ou calquera material nas papeleiras.

INSTALACIÓNS CULTURAIS MUNICIPAIS

Centro Sociocultural
Casa de Cultura
Aula informática
Aula CEMIT
Escola de Música

OUTRAS INSTALACIÓNS NON MUNICIPAIS

Locais sociais parroquiais